

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Traballa en silencio e non molestes aos compañeiros e compañeiras.
- 2.- Dispós de 90 minutos para realizar esta proba. Controla e reparte o tempo.
- 3.- Indica o tempo dedicado a preparar este control:
- 4.- Antes de comezar a escribir le detidamente as cuestións, cavila sobre elas e logo empeza a contestar tendo en conta sempre as normas de presentación.
- 5.- Tes oito preguntas de teoría, cada unha vale un punto. Debes escoller catro e respondelas.
- 6.- Tes seis preguntas de práctica, cada unha vale dous puntos. Debes escoller tres e respondelas.
- 7.- Se tes algunha dúbida ergue a man e agarda en silencio a que o profesor se achegue.
- 8.- Indica o tempo que che levou facer esta proba:

Ademais dos contidos tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

Moi graves: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

Leves: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes *Normas* do 2003.

TEXTO

01 Aquí ven o maio
02 de frores cuberto...
03 puxéronse á porta
04 cantándome os nenos;
05 i os puchos furados
06 pra min estendendo,
07 pedíronme crocas
08 dos meus castiñeiros.

09 Pasai, rapaciños,
10 calados e quedos,
11 que o que é polo de hoxe
12 que darvos non teño.
13 Eu sónvo-lo probe
14 do pobo gallego:
15 Pra min non hai maio,
16 pra min sempre é inverno!...

17 Cando eu me atopare
18 de donos liberto
19 i o pan non me quiten
20 trabucos e préstemos,
21 e como os do abade
22 frorezan meus eidos,
23 chegado habrá estonces
24 o maio que eu quero.

25 Queredes castañas
26 dos meus castiñeiros?...
27 Cantádeme un maio
28 sin bruxas nin demos;
29 un maio sin segas,
30 usuras nin preitos,
31 sin quintas, nin portas,
32 nin foros, nin cregos.

Curros Enríquez

CUESTIÓNS PRÁCTICAS

- 1.- Morfo-sintaxe: os verbos.
- 2.- Estudo do contido: tema e argumento.
- 3.- Recursos literarios.
- 4.- Léxico-semántica: os substantivos.
- 5.- Morfo-sintaxe: os adxectivos.
- 6.- Morfo-sintaxe: os substantivos.

CUESTIÓNS TEÓRICAS

- 1.- A lírica medieval: as cantigas de amigo.
- 2.- Curros Enríquez.
- 3.- O texto expositivo.
- 4.- Explica os seguintes termos: anáfora, metáfora, personificación, sinestesia e hipérbato.
- 5.- Os valores do presente de indicativo.
- 6.- Os Precusores do Rexurdimento.
- 7.- Colocación dos pronomes persoais átonos.
- 8.- O galego como lingua románica.